

DIA 5 DE MARZO 2012, Luns

III Feira do Libro Limiao (Inauguración)

Exposición e venda de libros de escritores limiaos e de autores que centraron a súa obra en temas relacionados coa Limia. Durante toda a semana en horarios de tarde.

Inauguración oficial da semana de homenaxe a Carlos Casares Mouriño, presidida polo **Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz**, presidente do Consello da Cultura Galega.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia

Hora de apertura: 12:00 horas.

Feira: do día 5 ao 9 de Marzo, en horarios de 15:00 a 22:00 h.

Actuación na inauguración do Grupo tradicional "Segrel"

Apertura da EXPOSICIÓN sobre a vida e obra de Carlos Casares

Paneis, manuscritos, libros propios, coleccións propias, escolma de galardóns e premios do autor.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia

durante toda a semana en horarios de 08:00 a 22:00 horas

Colabora: Fundación Carlos Casares

Apertura da EXPOSICIÓN dos "Artigos á Marxe" de Carlos Casares

Paneis cos "artigos á marxe" de Carlos Casares que fan referencia a Xinzo de Limia.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia durante toda a semana. Horarios habituais.

Lectura Pública dunha escolma da obra de Carlos Casares.

Lectura na que pode participar todo o que o desexe. (Para participar nesta lectura, rogamos avisen no teléfono 600314155)

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia

Hora: 20:30 horas.

Remate: Actuación musical: **Coral "Antioquía"** de Xinzo de Limia

DIA 6 DE MARZO 2012, Martes

Representación teatral

Representación teatral con conto de Carlos Casares "A Galiña Azul" adaptado ao teatro por Alfonso Carlos Lois, polo Grupo teatral ANEIS da Escola Municipal de Arte Dramático do Concello de Xinzo de Limia, dirixida por Manolo Fontemoura.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia

Hora: 20:30 horas.

Remate:

Actuación musical de **alumnos e alumnas do Conservatorio Profesional de Xinzo de Limia** antes e despois da representación teatral.

DIA 7 DE MARZO 2012, Mércores

Presentación expositiva da Fundación Carlos Casares a cargo de membros directivos da Fundación.

Tertulia Falodoiro Público

Tertulia pública: "Carlos Casares, amigo e veciño", na que participarán: Edelmiro Martínez, Isauro González, Rafael Laso, Angel Urtiaga, así como varios amigos persoais de Carlos Casares en Xinzo de Limia. Tertulia moderada por Manolo Seoane, representado ao Centro de Cultura Popular do Limia Revista Lethes.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia

Hora: 20:30 horas.

Remate: Actuación musical: **Grupo música tradicional e Natalia Gómez Fidalgo (voz)**

DIA 8 DE MARZO 2012, Xoves

Monólogos sobre o texto de "Vento Ferido", a cargo de Luís Iglesia Besteiro (Actor)



Luís Iglesia Besteiro é actor e director de doblaxe desde 1986, é a voz habitual de Harrison Ford, Paul Newman, Robert de Niro, Gattfield y la rana Gustavo, entre outros. É o protagonista de Os matalobos (TVG), no papel de Carmelo Matalobos.

Como docente deu diversos cursos de doblaxe (introducción e perfeccionamento) para a Fundación Araganey e para el Consorcio Audiovisual de Galicia. Foi docente nos cursos de "Experto en lingua oral para os medios de comunicación", organizados pola CRTVG, ILG, Facultade de Filoloxía (Departamento de Filoloxía Galega) da USC e colaborador nos "Talleres de prácticas escénicas" no Consorcio Audiovisual de Galicia e na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Como locutor, realizou múltiples campañas de publicidade para marcas como Estrella de Galicia, Caixanova, Caixa Galicia... Ademais, participou como locutor en máis de mil documentais.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia

Hora: 20:30 horas.

Remate: Actuación musical: **Coro Tradicional "Aimil Folc"** de Xinzo de Limia

DIA 9 DE MARZO 2012, Venres

Apertura do acto a cargo da Banda de Gaitas do Concello de Xinzo de Limia:

Tertulia - Falodoiro Público

Tertulia pública: "Carlos Casares, intelectual e literato", na que participarán: Xavier Casares, Luis G. Tosar, Antón Riveiro Coello, Federico Cocho, Gonzalo Iglesias Sueiro e Xosé Carlos Caneiro. Tertulia moderada por Delfín Caseiro.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia

Hora de apertura: 20:30 horas.

Ofrenda Floral

Apertura do acto a cargo da Coral "Santa Mariña" de Xinzo de Limia

Ofrenda floral ao pé da placa homenaxe a Carlos Casares, colocada na Casa da Cultura de Xinzo de Limia, coa lectura da cita á marxe: "convertido en placa", na que o propio Carlos Casares facía referencia a ese homenaxe.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia
Hora de apertura: ao remate do faladoiro público.

Remate: Interpretación do Himno Galego na honra de Carlos Casares pola Coral "Santa Mariña" de Xinzo de Limia.

III Feira do Libro Limiao (Clausura)

Clausura presidida polo Excmo. Sr. D. Xesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e coa presenza do Secretario Xeral de Política Lingüística, Iltrmo. Sr. D. Valentín García Gómez.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia
Hora: A partires das 22:00 horas.

Encontro de Escritores

Encontro -Cea de peche da semana na honra de Carlos Casares nun Restaurante da Limia, na que participarán o Excmo. Sr. D. Xesús Vázquez, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e outras autoridades autonómicas, familiares e amigos de Carlos Casares Mouríño, representantes políticos do Concello de Xinzo de Limia e da Provincia de Ourense, os familiares de Carlos Casares e tódolos autores convidados nos Faladoiros durante a semana.

DIA 10 DE MARZO 2012, Sábado

Recital e Concerto

Recital e Concerto "Despois de ti, a Chuvia" de Xosé Carlos Caneiro e Emilio Rúa.



O disco-libro "despois de ti, a chuvia" é un exercicio de solidaridade entre dous artesáns das verbas e da música: Xosé Carlos Caneiro (poeta, escritor e periodista) e Emilio Rúa (compositor e músico).

A obra, editada por Francisco Castro (Editorial Galaxia), e co apoio da CRTVG, foi xestada durante o ano 2011, e presentase nun formato de disco-libro. Nel, o lector poderase atopar coa poesía sinxela e elegante de Xosé Carlos Caneiro, e coa súa particular visión do mundo e das cousas cotiás; así como cun disco onde Emilio Rúa musicou de xeito doce e coidado varios dos poemas que inclúe o libro. Para elo, contarán coa colaboración do músico José Gayoso e coa complicidade do público.

Lugar: Casa da Cultura de Xinzo de Limia
Hora: 23:00 horas.

Organiza: Concello de Xinzo de Limia, Concellería de Cultura.

Colaboran: Consellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia; Fundación Carlos Casares; Editorial Galaxia; Asociación Cultural Civitas Limicorum de Xinzo de Limia; Librería Galaica de Xinzo de Limia



PROGRAMA

**SEMANA DE HOMENAXE A
CARLOS CASARES**

Xinzo de Limia

5-10 de Marzo 2012